

**Acta núm. 18/2021.**  
**Sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local**  
**do 27 de xullo de 2021.**

**CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:**

María Rosa Romero Fariña.  
Carlos Noya Pereira.  
José Luis Sampedro Bouzas.  
Sandy Marie Cebral Gómez.

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, ás 14,00 horas do 27 de xullo de 2021, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste Concello que se relacionan, para celebraren sesión ordinaria.

Preside o señor alcalde Pablo Lago Sanmartín e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do Concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2021, DO 13.07.2021.
- 2º) COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).
- 3º) LICENZA DE SEGREGACIÓN.
- 4º) LICENZA DE OBRA MENOR.
- 5º) LICENZA DE OBRA MAIOR.
- 6º) CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE.
- 7º) ROGOS E PREGUNTAS.

**PRIMEIRO.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR NÚM. 17/2021, DO 13.07.2021.**

Acórdase por unanimidade a aprobación da acta da xunta anterior do día 13.07.2021, acta núm. 17/2021.

**SEGUNDO.- COMUNICACIÓNS PREVIAS (OBRA MENOR).**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JUAN CONDIDE VIAÑO, na que comunica que vai substituír un peche de aproximadamente 9 metros lineais, en contacto coa vía pública, construíndo un novo peche de bloques de formigón ata unha altura de 1 metro e colocando arame por encima. Tamén vai substituír os canos dunha edificación auxiliar en Babenzo 34, Bastavales.

A parcela onde se van a realizar as obras (referencia catastral 7920429NH2472S0001FF) emprázase sobre un ámbito clasificado como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros coa seguinte condición:

.-O peche en contacto coa vía pública situarase mínimo a 5,50 metros do eixe do vial e terá unha altura total máxima de 1,80 metros, medidos desde a rasante natural do terreo.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 11,56 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 76,13 euros.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MÓNICA COSTA VÁZQUEZ, na que comunica que vai facer obras de conservación na vivenda de Lamiño 54, Brión, consistentes en pintar as fachadas exteriores, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van a realizar as obras (referencia catastral 6760708NH2466S0001AO) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 43,62 euros.

Total: 43,62 euros.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por SERGEY DRAGUNOV KISELEV, na que comunica que vai facer obras de conservación na vivenda de Sabaxáns 81, Bastavales, reparando as fendas e pintando a totalidade das fachadas, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A edificación onde se van a realizar as obras (referencia catastral 8013115NH2471S0000DL) emprázase sobre un ámbito de solo urbano, séndolle de aplicación a ordenanza nº 2 do PXOM (UC-2).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 67,66 euros.

Total: 67,66 euros.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por CONSUELO GARCÍA REY, na que comunica que vai reparar a cuberta dun hórreo de 10 m<sup>2</sup>, substituíndo a tella en mal estado por tella nova, en Vidaloiro 8, Bastavales, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 8918309NH2481N0001JH) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM, sitúase dentro dunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave XBES e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 8,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 72,57 euros.

e) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por MARÍA DEL CARMEN LIÑARES REY, na que comunica que vai canalizar unha canle de rega con tubo de formigón de 60 cms. de diámetro, nunha lonxitude de 63 metros en Cirro 18, San Salvador.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 7629406NH2472N0001XY) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural en área consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 (NRL-1) do PXOM. Ademais a parcela atópase dentro da zona de policía do rego de Cirro.

A Xunta de Goberno Local, á vista da autorización de Augas de Galicia de data 19.11.2020 (clave DH.W15.62667) e do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas condicións recollidas na autorización de Augas de Galicia de data 19.11.2020 (clave DH.W15.62667).

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 24,28 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 88,85 euros.

f) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JOSÉ MANUEL MARTÍNEZ MOSQUERA, na que comunica que vai realizar as seguintes obras en Brión de Abaixo 1, Brión:

.- Revestimento de cerámica na cociña e no baño.

.- Instalación de fontanería no baño.

.- Instalación de sanitarios no baño.

A vivenda onde se van a realizar as obras (referencia catastral 5460109NH2456S0001UT) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1), sitúase nunha aldea integrada no catálogo de bens de interese cultural do PXOM, identificada coa clave BE3 e en base á Instrución do 8 de novembro de 2017, non precisa de autorización previa en materia de patrimonio cultural, segundo informe da arquitecta municipal.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 72,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 136,57 euros.

g) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OTILIA NIETO CHAVES, na que comunica que vai facer obras de conservación, pintando a fachada lateral para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma, en Mourentáns 45, Viceso.

A vivenda onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 1576704NH2417N0001FZ) atópase dentro da delimitación do solo clasificado como solo de núcleo rural non consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 9 (NRO-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 39,00 euros.  
 Total: 39,00 euros.

h) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por JAVIER NIETO GARCÍA, na que comunica que vai reparar a cuberta da vivenda sita no Rial 2, Brión, substituíndo a tella existente por tella nova, sen modificar a estrutura nin incrementar o volume actual da edificación, para garantir as condicións de estanquidade e illamento da mesma.

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 5165701NH2456N0001IB) atópase sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural consolidado pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 41,23 euros.  
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 105,80 euros.

i) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Manuel Martínez González, que di actuar en representación da COMUNIDADE DE PROPIETARIOS MONTE BALADO 40-42, na que comunica que vai realizar as labores de limpeza e reparación das fendas e filtracións existentes nas fachadas, cubertas e terrazas, para posteriormente proceder a colocar novos pavimentos nas terrazas e dar un revestimento impermeable na fachada, segundo informe de deficiencias elaborado polo arquitecto técnico José María Brañas Rodríguez, na Urbanización Monte Balado 40-42, Os Ánxeles.

A edificación onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 1.419,92 euros.  
 .- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.  
 Total: 1.484,49 euros.

### **TERCEIRO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por MANUEL CONSTANTINO FREIRE PAZOS, na que solicita licenza de segregación da parcela con referencia catastral 7629407NH2472N0001IY, situada en Cirro, San Salvador, segundo proxecto de segregación redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Javier López López, visado polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña-Pontevedra) o 02/12/2020, visado número CO-20200839.

Descrición da parcela de orixe:

Referencia catastral: 7629407NH2472N0001IY.

Superficie: 3.380 m<sup>2</sup> (segundo medición recente).

Clasificación urbanística: A parcela aséntase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións: .-3.095 m<sup>2</sup> en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

.-285 m<sup>2</sup> en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: Ramona Freire Abete (140) e camiño.

Sur: camiño e José Rico Villar (129).

Leste: Lourdes Gómez Vilanova e outros (135) e Manuel Tembra López (134).

Oeste: Ramona Rey Guimarey (143).

Sobre esta parcela existe unha vivenda de planta baixa, que ocupa en planta 79 m<sup>2</sup> e planta baixo cuberta cun aproveitamento de 40 m<sup>2</sup>, un galpón de 27 m<sup>2</sup> e unha segunda vivenda de planta baixa que ocupa 77 m<sup>2</sup>.

Segregación pretendida:

**Parcela 141 - Matriz:**

Superficie bruta: 2.420 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 90 m<sup>2</sup>

Superficie neta: 2.330 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntase sobre un ámbito de solo con dúas clasificacións:

.-2.135 m<sup>2</sup> en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

.-285 m<sup>2</sup> en solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas non consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 de PXOM (NRL-2).

Lindes:

Norte: parcela 141-A resultante desta segregación.

Sur: camiño e José Rico Villar (129).

Leste: Lourdes Gómez Vilanova e outros (135) e Manuel Tembra López (134).

Oeste: parcela 141-A resultante desta segregación.

Sobre esta parcela existe unha vivenda de planta baixa, que ocupa en planta 79 m<sup>2</sup> e planta baixo cuberta cun aproveitamento de 40 m<sup>2</sup> e un galpón de 27 m<sup>2</sup>.

**Parcela 141-A:**

Superficie bruta: 960 m<sup>2</sup>.

Superficie de cesión: 8 m<sup>2</sup>.

Superficie neta: 952 m<sup>2</sup>.

Clasificación urbanística: A parcela aséntanse sobre un ámbito de solo clasificado como solo de núcleo rural da zona leste, en áreas consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

Lindes:

Norte: Ramona Freire Abete (140) e camiño.

Sur: coa parcela 141-matriz resultante desta segregación e camiño.

Leste: remata en vértice.

Oeste: Ramona Rey Guimarey (143).

Sobre esta parcela existe unha vivenda de planta baixa que ocupa 77 m<sup>2</sup>.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, e aceptar a cesión dos terreos de 90 m<sup>2</sup> e 8 m<sup>2</sup> ao abeiro do disposto no artigo 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

-.Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 129,14 euros.

Total: 129,14 euros.

**CUARTO.- LICENZA DE OBRA MENOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANDRÉS MARTÍNEZ FONTÁNS, na que solicita licenza para realizar unha canalización subterránea de abastecemento de auga privada, cunha lonxitude aproximada de 5 metros, para dar subministro de regadío á unha parcela en Piñeiro, Os Ánxeles.

A parcela á que se pretende dar subministro (referencia catastral 15013A040000880000UU), atópase dentro da delimitación do solo clasificado como rústico de protección agropecuaria, polo que, segundo a Disposición Transitoria 1ª da Lei 2/2016, do solo de Galicia, aplícaselle o disposto nesta lei para o solo rústico.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda:

1º) Conceder a licenza de obras solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coa seguinte condición:

.- Deberá repoñerse o pavimento dos viais nas mesmas condicións técnicas en que se atopa actualmente e non se poden causar danos á vía pública, debendo responder en calquera caso o promotor, dos danos que se poidan producir sobre os elementos ou servizos públicos existentes.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO): 10,00 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 64,57 euros.

Total: 74,57 euros.

#### **QUINTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR.**

a) Deuse conta dunha instancia presentada por ANTONIO REY BATALLA, na que solicita licenza para construír unha edificación complementaria (piscina cuberta), en Gundín 26, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.06.2021 e a documentación complementaria visada o 13.07.2021.

A parcela onde se van realizar as obras, aséntanse sobre un ámbito de solo de núcleo rural para as área consolidadas pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº 8 do PXOM (NRL-1).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do Concello, acorda por unanimidade:

1º) Conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución asinado polo arquitecto Francisco Javier Fernández Echevarría, visado polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 21.06.2021 e a documentación complementaria visada o 13.07.2021.

-. A obtención da licenza para edificación complementaria, piscina cuberta, non implica licenza para o peche, para o que deberá facer novas solicitudes.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Cando o facultativo directos dunha obra deixe de actuar na mesma debe poñelo en coñecemento do Concello no termo de 3 días, mediante oficio debidamente visado polo Colexio Oficial. O propietario, á súa vez, está obrigado a nomear seguidamente, novo facultativo directos da obra, comunicándoo por escrito ao Concello mediante a oportuna folla de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a Alcaldía-Presidencia ordenará a inmediata suspensión da obra.

-. Será requisito indispensable en tódalas obras dispor, ao pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e do proxecto autorizado, que estará a disposición da inspección municipal.

- Nas obras maiores será necesaria a colocación dun cartel indicador de obra nun lugar visible dende o exterior, no que se faga constar o nome e apelidos do promotor, do contratista, dos técnicos proxectistas, dos directores da obra, de execución da obra e do coordinador de seguridade e saúde; ordenanza de aplicación e usos aos que se vai destinar a edificación, superficie construída, altura e número de plantas; data de expedición da licenza e o prazo de execución das obras.

- Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

- Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

- Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispor da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

- Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

2º) Aprobar as seguintes liquidacións de tributos devengados polo expediente:

.- Imposto sobre construcións, instalacións e obras (ICIO), provisional: 1.393,10 euros.

.- Taxa de tramitación de licenzas urbanísticas: 96,03 euros.

Total: 1.489,13 euros.

#### **SIXTO.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADE.**

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Javier Lago Sanmartín, que di actuar en representación da sociedade HOTEL BALNEARIO DO TREMO S.L., na que comunica o cambio de titularidade da actividade de hotel balneario, no lugar do Tremo, Os Ánxeles.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Balneario do Tremo S.L. e preténdese poñer a nome da sociedade Hotel Balneario do Tremo S.L.

O alcalde Pablo Lago Sanmartín abstense no debate e votación deste acordo ao manifestar que concorre nel causa de abstención do artigo 23.2. b) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público.

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de actividade de hotel balneario, sito no lugar do Tremo, Os Ánxeles, a nome da sociedade HOTEL BALNEARIO DO TREMO S.L., con CIF: B-06921803.

#### **SÉTIMO.- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se produciu ningunha.

O señor alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo ás 14,20 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González